

Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RODEIRO

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES CULTURAIS DO ANO 2022

ANUNCIO

Por resolución da alcaldía do 12.12.2022 aprobáronse a convocatoria e as bases específicas para o ano 2022 das axudas reguladas pola Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro (BOP núm. 155, do 12.08.2005).

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES CULTURAIS ANO 2022

O Concello de Rodeiro aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia.

1.- Obxecto:

O Concello de Rodeiro concederá axudas económicas pola promoción, difusión e realización de actividades culturais desenvolvidas durante o ano 2022, que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 330/480, co límite de 15.000,00 €. Entenderase como actividade cultural aos efectos das presentes bases as dirixidas á ensinanza musical, á promoción da cultura, á xuventude, á muller, á preservación das tradicións ou calquera outra que redunde en beneficio dos veciños asociados, sempre que formen parte dos fins da asociación.

2.- Beneficiarios:

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro que desenvolveran as actividades obxecto da subvención no Concello de Rodeiro entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2022.

3.- Solicitude e documentación:

O prazo de solicitude será de corenta días naturais contados dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). As solicitudes presentaranse obrigatoriamente de xeito electrónico a través da sede electrónica do Concello (<https://rodeiro.sedelectronica.gal>) utilizando o trámite "instancia xeral", á que achegarán os formularios oficiais que figuran na web municipal e toda a documentación que esixe a ordenanza

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 6Z4F9ZP6P3HNEG7



Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

xeral de subvencións do Concello. Se algunha asociación presenta a solicitude presencialmente, o Concello requirirá que sexa emendada a través da súa presentación electrónica e, nese suposto, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

4.- Valoración das solicitudes:

Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Programación estable ao longo do ano.
- Difusión da actividade.
- Número de persoas que participan e se benefician da actividade.
- Orzamento total da actividade.
- Incidencia sobre a promoción dos valores culturais, artísticos, tradicionais, gastronómicos, etc. do Concello.

Transcorridos tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

5.- Disposición adicional:

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades de ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, publicada no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 e, de xeito supletorio, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Rodeiro, na data da sinatura electrónica.

O alcalde — Rubén Perfecto Quintá Quintá.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 6Z4F9ZP6P3HNEGHT

